

A Cidade da Cultura acollerá as IV Xornadas de Literatura e Ensino

Publicado por **Redacción**



Organizado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, coa colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e o patrocinio da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o vindeiro 18 de outubro celebrárase no Auditorio da Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia as IV Xornadas de Literatura e Ensino, que nesta edición se desenvolverán baixo o lema de *A Xeración Nós-outr@s*, nas que se reflexionará sobre a importancia da literatura non só como obxecto de estudo en si propio e/ou como ferramenta para o coñecemento transversal

e a formación do individuo, senón como modelo de reprodución para favorecer a procura da propia experiencia creativa persoal.

Obxectivos:

Valorar a literatura galega, a través das diferentes voces das mulleres, construtoras de pensamento e expresión literaria, como unha ferramenta clave para a adquisición das competencias básicas.

Adequar a diversidade metodolóxica literaria aos novos tempos educativos.

Achegarse aos contidos didácticos e interactivos que as TIC ofrecen para o profesorado.

Reflexionar sobre a necesaria revisión e actualización da transmisión didáctica da literatura no ensino obrigatorio e post-obrigatorio tendo en conta tamén a perspectiva de xénero para o avance da igualdade.

Reflexionar sobre os criterios de selección e o establecemento de canons literarios orientativos para o ensino da literatura.

Coñecer e analizar as estratexias de sedución que faciliten a descuberta e o achegamento á lectura por parte do público infantil e xuvenil.

Debater directamente sobre orientacións e estratexias de achegamento da linguaxe literaria para a infancia e mocidade xunto con escritoras da literatura galega.

Concienciarse da necesidade de estimular creativamente, na expresión escrita, o alumnado.

Nesta xornada participarán María Xesús Nogueira, Rosa Aneiros, Berta Dávila, Inma López Silva, María Canosa, Leticia Costas, Estíbaliz Espinosa, Rebeca Baceiredo, Montse Dopico e María Reimóndez.

Esta xornada está dirixida especialmente ao profesorado do ensino non universitario e futuros ensinantes do ensino non universitario Hai cen prazas e a matrícula é de balde. Os e as interesadas poden matricularse nesta ligazón: <http://www.aspg.com/Xestion/User/Authentication.do>